



CERTIFICADO

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
354/2019	A Xunta de Goberno Local

ELEUTERIO PENA LAMAS, EN CALIDADE DE SECRETARIO DESTE ÓRGANO, CERTIFICO:

Que, na sesión desenvolvida o 19 de outubro de 2020 se adoptou o seguinte acordo:

Expediente 354/2019. Proposta da alcaldía s/renuncia ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Cangas de adquisición de vehículo para o servizo municipal de protección civil

Vista a proposta de data 14.10.2020 da alcaldía, referente a renuncia ao convenio de colaboración entre o Concello de Cangas e a Xunta de Galicia para a adquisición dun vehículo para o servizo municipal de protección civil, que é como segue:

"Expediente 354/2019

C20/17_ 'Subministración de vehículo para o servizo municipal de protección civil'

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto o convenio de colaboración asinado entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Cangas, en materia de protección civil e emerxencias co fin de colaborar nos gastos de adquisición de un vehículo contra incendios e salvamento, asinado en xuño de 2020.

Tendo en conta as circunstancias acaecidas no expediente de contratación onde se declarou deserta a liquidación e as novas prioridades do goberno municipal para o exercizo económico 2020.

De conformidade co disposto no artigo 94 da Lei 39/2015, de 2 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, propoño á Xunta de Goberno a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Renunciar ao convenio de colaboración, asinado entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Cangas, en materia de protección civil e emerxencias, co fin de colaborar nos gastos de adquisición de un vehículo contra incendios e salvamento, asinado en xuño de 2020.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e á intervención municipal".

A Xunta de Goberno , por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.





Concello de Cangas

E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co visto e praxe do Sr. alcalde, expídese a presente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: 9SZF4MP6ELAYZTREYRPY3SSZJ | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850